



Situación: Lagoas-Marcosende s/n
36310 VIGO (Pontevedra)
Teléfono: 986 818 663
Fax: 986 818 667
www.energylab.es/
energylab@energylab.es



EnergyLab, creada no ano 2008, é unha fundación privada sen ánimo de lucro, cuxa misión é identificar, desenvolver, promover e difundir tecnoloxías, procesos, produtos e hábitos de consumo que permitan a mellora da eficiencia e sostibilidade enerxética na industria, a construción, o transporte e na sociedade en xeral.

Entre os patróns fundadores están presentes empresas como Inditex, Indra, Finsa, Philips, GOC, Schneider Electric e Unión FENOSA, a Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento (FSC), a Consellería de Innovación e Industria, o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), e as tres universidades galegas.

Os obxectivos estratéxicos do centro son:

- Promover a entrada permanente no mercado de novas tecnoloxías de EySE de produto e proceso.
- Desenvolver unha ampla base de clientes de referencia en España nos ámbitos e sectores prioritarios.
- Desenvolver e articular unha rede de colaboradores científico-tecnolóxicos e empresariais de excelencia en España e Europa.
- Crear capacidades para xerar coñecemento excelente.
- Desenvolver múltiples fontes de financiamento e ingresos, nos ámbitos público e privado, que aseguren a sostibilidade a medio prazo e por último.
- Identificar promover e desenvolver oportunidades de negocio no ámbito da eficiencia e a sostibilidade enerxética.

Recursos humanos

En 2008, iníciase a contratación do persoal de dirección: Director Xeral e Directores de Servizo xunto co persoal mínimo de apoio.

Ata 2012 contemplárase a contratación do resto do persoal coa incorporación do resto de perfís ata alcanzar as 40 persoas: Persoal de soporte dos servizos, Investigadores e os seus líderes de grupo (investigadores principais), Técnicos e bolseiros.



Organización / Áreas de traballo

O organigrama básico do EnergyLab está formado polos órganos da Fundación, O Comité Asesor e a Dirección e estrutura do centro (dirección desenvolvemento sectorial, dirección técnica e dirección de servizos xerais).

Instalacións / Equipamento

No seu primeiro ano de funcionamento EnergyLab aloxará a súa actividade nun espazo cedido pola Universidade de Vigo ata a construción do edificio de CITE XVI no ano seguinte. Trala construción do edificio no ano 2009, EnergyLab contará cunha superficie de 670m².

Servizos

A Cadea de Valor de EnergyLab está composta por un conxunto de actividades e servizos orientados a introducir tecnoloxías de eficiencia enerxética nos procesos empresariais, establecendo medidas e indicadores obxectivos tanto da optimización enerxética como económica.

As actividades que desenvolve EnergyLab fundaméntanse na vixilancia do estado das diferentes tecnoloxías de eficiencia enerxética e o estudo da súa aplicación, a través de investigación aplicada e de proxectos demostrativos, cunha clara vocación na difusión de resultados e na formación e capacitación de técnicos.

- Vixilancia Tecnolóxica: identificación de tendencias e novidades.
- I+D aplicada: xeración de coñecemento.
- Demostración: introdución de tecnoloxías no mercado.
- Formación: creación de capacidades.
- Difusión: sensibilización y promoción.
- Estudos: oferta de solucións a medida.

